



CONFERENCIA

RICARDO CARVALHO CALERO


E O GALEGO QUE PODERIA TER SIDO, E HÁ DE SER!

A CARGO DE

MARCOS SAAVEDRA

RESPONSÁBEL DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE VILALBA

VENRES 16 DE ABRIL DE 2021 – 20:00 HORAS- NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos, continuando coa programación cultural prevista para este ano 2021, organiza o venres 16 de abril, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, unha conferencia a cargo de **MARCOS SAAVEDRA**, responsábel da Biblioteca Municipal de Vilalba, e que leva por título:

Ricardo Carvalho Calero e o galego que podería ter sido, e há de ser!

Presentará ao conferenciante a presidenta do IESCHA, **Marisa Barreiro**.

Este acto estaba previsto para o mes de maio do pasado ano, coincidindo co Día das Letras Galegas 2020 e dedicado ao autor ferrolán, pero, debido ás restricións sanitarias derivadas da pandemia, tivo que ser adiado.

Marcos Saavedra Blanco (Ribadeu, 1982) é actualmente o responsábel da biblioteca municipal de Vilalba. Formado en Información e Documentación pola UDC está especializado en Documentación Audiovisual pola Universitat Oberta de Catalunya. Traballou nas bibliotecas de Ferrol, A Coruña e Ribadeu onde sempre colaborou con o tecido asociativo local, colaborando no que podía e publicando pequenos traballos:

-Limiar de "Do vello Ribadeo" de Eduardo Gutiérrez Fernández editado pola agrupación Francisco Lanza.

-Semblanza de Antón Fraguas no Fest-AGAL de 2020.

-Preparación da obra de Carvalho para a web Carvalho2020 da Agal.

-Forma parte do Coletivo Avanti que ven de publicar "Uma Lembrança de Antonio Leonardo Sanchez Deus" na revista de historia Murguia...

-Artigo na revista do IESCHA sobre Carvalho.

É socio da AGAL da que foi secretario desde 2019 até que nesta última asemblea tivo que dar o relevo por feliz motivo.